

# **ACTA**

**Nº 75 Ano 2024.**

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúnese o Comité de Seguridade e Saúde Laboral Intercentros, sendo as 10,10 horas do día 20 de marzo de 2024, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

## **ASISTENTES:**

### **REPRESENTANTES DA EMPRESA:**

| <b><i>Nome</i></b>       | <b><i>Posto</i></b>       | <b><i>Teléfono</i></b> |
|--------------------------|---------------------------|------------------------|
| Ascensión Labella Lozano | S.X. Presidencia          | 4.42.85                |
| Laura Suarez Fernandez   | D.X. Avaliación e Reforma | 4.54.67                |
| María Corral Lopez       | D.X. Función Pública      | 4.52.37                |
| Carlos Gomez Martinez    | S.X. Emprego              | 4.47.71                |

### **REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES**

| <b><i>Nome</i></b>          | <b><i>Organización Sindical</i></b> | <b><i>Teléfono</i></b> |
|-----------------------------|-------------------------------------|------------------------|
| Eduardo Freire Pousa        | CC.OO.                              | 660-040-056            |
| Jose Manuel Suarez Lago     | CSIF                                | 881-542-850            |
| Florinda de la Fuente Moure | UGT                                 | 607-629-732            |
| Jesús Rodriguez Anllo       | CIG                                 | 619-650-570            |

Asisten asímesmo Pablo Diaz Vazquez, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, Jose Acuña Vilas, por Cualtis e Cristobal Piñón por Ibermútua.

---

### **1.- Lectura e aprobación da acta da última reunión.**

Se aproba a proposta de acta presentada.

### **2º Presentación e debate da memoria das actividades preventivas de riscos laborais realizadas no 2023 pola Admón. Xeral da Xunta de Galicia. Para unha mellor articulación deste debate, realizarase por apartados:**

- |                            |                                |
|----------------------------|--------------------------------|
| a) Organización prevención | b) Xestión da prevención       |
| a) Avaliacións             | d) Vixilancia da saúde         |
| e) Formación               | f) Participación sindical      |
| g) Informe sinistralidade  | h) Protocolos vixilancia saúde |

O Xefe do Servizo expón por apartados a memoria elaborada. No relativo os apartados de organización e xestión da prevención, non hai intervencións.

No referente as avaliacións de riscos e medidas de emerxencia, CSIF manifesta o seu agrado porque fixeronse avaliacións conxuntas nos centros de traballo que comparten as Consellerías de Medio Rural e Medio Ambiente, evitando así a duplicidade de visitas, conforme solicitarase nun comité anterior.

En canto a vixiancia da saúde, CIG prantexa a situación dunha traballadora de Política Social, que ten problemas de saúde cos zocos asignados. Tralo debate considerase que é unha cuestión que debe levar o comité de seguridade desa Consellería, ben individualmente ou a través dalgún dos delegados ou delegadas de prevención do mesmo. **Tamen a CIG considera que obrigar a presentación de escritos dirixidos o Servizo de Prevención, a través da aplicación correspondente, non concorda coa lexislación actual. O Servizo de Prevención lémbrale que as persoas traballadoras poden utilizar esta aplicación, se queren, ou senon presentalo a través do Rexistro Oficial, coma establece a lexislación actual.** CCOO, ante o cada vez maior número de certificados médicos de aptitude con restriccións, solicita de Función Pública que autorice a xubilación anticipada aos 64 anos, conforme regula o convenio colectivo do persoal laboral. A Administración manifesta que estudiará dita posibilidade.

No relativo a formación a Administración menciona o importante número de formación on line impartida debido o proceso de funcionarización en marcha.

Na participación sindical, faise constar a nivel xeral que se convocan a metade das reunións que poderían ter lugar. A parte sindical require a Administración para que faga xestións ante as Consellerías de Cultura e Sanidade, para que convoquen os seus comités de seguridade, que non se reuniron durante todo o ano pasado.

Na cuestión da sinistralidade refírese de novo un incremento pequeno no número de accidentes de traballo, e tamen un aumento bastante notable no dos accidentes in itinere. CCOO menciona o importante aumento de lesións nos ollos. Coma dato positivo o representante de Ibermutua comenta que o índice de frecuencia, 13,63, é inferior o do pasado ano, que foi debido a que no 2023 houbo mais de 30.000 empregados e empregadas públicas, e inda que aumentou a sinistralidade, fixoo nunha porcentaxe menor, ante o crecemento do cadro de persoal. Constátase que o número de accidentes investigados diminúese con respecto a anos anteriores.

### **3.- Rogos e preguntas.**

Non presentasen.

Levántase a sesión, sendo as 11,20 h.

Vº Bº A PRESIDENTA

Vº Bº O SECRETARIO

ASCENSION LABELLA LOZANO

EDUARDO FREIRE POUSA